



PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA ESIXINDO Á XUNTA DE GALICIA A IMPLANTACIÓN NO HULA DO SERVIZO ININTERROMPIDO DE HEMODINÁMICA

O pasado mércores día 16 de marzo, o SERGAS presentou o primeiro balance do Rexistro Galego de Atención ao Infarto de Miocardio. Dito informe debía ser o elemento, a xuízo da Xunta, que permitira clarificar se os veciños de Lugo merecían unha atención 24 horas en caso de resultar afectados por infarto.

Novamente, os lucenses asistimos sorprendidos ante o exercicio de cinismo por parte da Xunta de Galicia, que segue tratando de cuantificar en termos económicos o custo da atención sanitaria. Nun primeiro momento, pola porta de atrás, introduciron enmendadas á vontade popular expresada na ILP da Plataforma polos Servizos Sanitarios do HULA, vinculando a inversión dunha sala 24 horas a un informe de mercado onde se fallaría sobre a idoneidade de contar cun servizo ininterrompido para atender aos infartados.

Agora, asistimos de novo perplexos ante este novo engano por parte do Presidente Feijóo, que presenta un informe sesgado e claramente incompleto. É sorprendente que o SERGAS “esqueza” publicar datos que se antollan clave para coñecer a relevancia da decisión da Xunta de Galicia de non investir no HULA.



Evidentemente, o descaro da omisión non pasou inadvertido para unha sociedade, a lucense, cansa das promesas do Partido Popular que Goberna a Xunta, e que sen embargo, non impediu a ousadía do SERGAS á hora de presentar publicamente o citado informe.

Independentemente da ocultación do dato, é certo, que por primeira vez, podemos cuantificar a afirmación de que, para Alberto Núñez Feijóo e para a Xunta de Galicia, os lucenses somos cidadáns de segunda. A media do que tarda un lucense en ser atendido por infarto, dende que entra no sistema sanitario ata que chega á sala de hemodinámica é de 192 minutos. O dobre que os cidadáns de Santiago ou Á Coruña. Son máis de tres horas o que tarda de media un veciño de Lugo en ser atendido por infarto de miocardio.

Á vista destes datos, e ante a sorpresa da cidadanía de Lugo pola pasividade da Xunta de Galicia, que tras a publicación non anunciou a implantación do servizo ininterrompido de Hemodinámica no HULA, presentamos, para o seu debate e, posterior aprobación a seguinte:

PROPOSICIÓN

- Esixir á Xunta de Galicia, de maneira inmediata e ante os datos publicados no Rexistro Galego de Atención ao Infarto de Miocardio, a implantación do servizo de Hemodinámica 24 horas.



- Instar ao SERGAS a que faga públicos os datos de mortalidade aos trinta días dos pacientes afectados por infarto de miocardio.

18 de marzo de 2016

Asinado D. Miguel Fernández Méndez
Voceiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE

SRA. ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE LUGO